



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0290, con data de 06/02/2020, pola que aprobou a lista provisional das persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da policía local do Concello de Redondela, mediante o sistema de concurso-oposición, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal- apartado de emprego público, persoal laboral funcionario) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 16, do 24/01/2020.

O prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles iniciouse o día 27/01/2020 e rematou o día 31/01/2020.

Tras expirar o antedito prazo e de conformidade co disposto nestas bases de selección que se aprobaron por resolución da alcaldesa núm.: 2020-0103, con data de 21/01/2020, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	LÓPEZ SÁNCHEZ, ALBERTO DAVID	*****396-A
2	PAMPILLÓN LÓPEZ, JOSÉ DELMIRO	*****674-Y

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: HLPXGZRRJHL3YZSZSQTHYHZXZ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluír, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local, á seguinte persoa aspirante:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	IGLESIAS OTERO, OBDULIO	*****160-L	NON CUMPRIR CO REQUISITO DE ESTAR EN SERVIZO ACTIVO NO CONCELLO DE REDONDELA

TERCEIRO: A persoa excluída poderá presentar as alegacións que estime oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta relación.

No caso de non presentar a alegación no rexistro deste Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.

De haber reclamacións e resoltas estas, a alcaldesa aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO: Publicar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios deste concello.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

